



Son as depositarias da responsabilidade e do esforço colectivos.

As administracións públicas e a recuperación dos núcleos históricos

97. Que pode facer a Administración pública?

A Comunidade Autónoma, os Concellos e a Administración do Estado establecen, a distintos niveis, as medidas de fomento da rehabilitación e da renovación urbana, movéndose cada unha dentro dun marco normativo xeral, por medio de convenios nos que se establece unha contía de accións e axudas, e as intervencións no espazo urbano dos centros urbanos. No noso nivel, os Concellos, tras a firma do convenio coa Consellería de Vivenda e Solo, son os que xestionan as ordenanzas que regulan as axudas á rehabilitación nas Áreas de Rehabilitación, de acordo con marco normativo xeral. Dentro deste marco xeral, os Concellos redactan, así mesmo, a normativa de protección, que é o último elo na cadea que fai posible o proceso de conservación e recuperación dos núcleos urbanos.

98. Todos os núcleos históricos son iguais?

Non. Cada un deles ten diferentes problemas, e soamente a análise destes e a correcta planificación das medidas a adoptar poden evitar políticas erróneas na recuperación dos núcleos históricos. Aínda que algunhas medidas poidan non ser no principio populares, deben ser tomadas con responsabilidade en interese e beneficio de toda a comunidade.

99. En que nos afecta?

É unha aposta de todos. A recuperación dos centros urbanos baséase na mellora dos espazos e dos servizos públicos e no establecemento das normativas comúns que perseguen a mellora das condicións de vida para todos os seus habitantes. En xeral, as normas da Comunidade Autónoma complementáanse coas dos Concellos e coas do Estado. Algunhas normas locais serven, por exemplo, para regular a utilización do coche privado en beneficio de todos os cidadáns, ou para establecer determinadas normas estéticas ou construtivas que debemos seguir cando realizamos obras no noso edificio.